



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# O DÍA DESPOIS...

Vigo, 26 de Outubro de 2010

O próximo venres, non imos elixir políticos que teñen no seu cometido ilusionar, aínda que algúns deles sexan conscientes de que nos están enganando para logo poñer *terra por medio*. Non importa que o seu escano se atope valeiro na maioría das veces. O importante é fichar.

Ese día 29, son compañeiros/as de traballo os que imos elixir como Representantes de todo o colectivo, en consecuencia non debéramos deformar a realidade, por moi dura que esta sexa; se así o fixeramos, entón é que non estamos na mesma fábrica.

O que pasou nestes últimos anos non só o coñecemos todos/as, senón que, ademais o sufrimos. Por iso, máis que prometer cara o futuro, quizais teríamos que preguntarnos os candidatos/as qué responderíamos se de novo a Dirección nos volvera a poñer encima da mesa pretensións tales como:

- .- reducir máis minutos do tempo de fatiga ós traballadores/as das cadeas (Andón II).*
- .- trasladar 10 minutos do tempo de bocadillo ó final da xornada*
- .- declarar o sábado como día laborable obrigatorio*
- .- habilitar os domingos na quenda de día como extras*
- .- distribuír de forma irregular a xornada nas quendas de día*
- .- aumentar aínda máis na quenda de noite a flexibilidade horaria*
- .- sancionar a quen falte sen avisar anticipadamente*
- .- reducir o salario creando unha nova categoría inferior*
- .- incrementar as cargas de traballo nos repartos.*
- .- minguar o emprego estable de 8 horas*
- .- seguir deteriorando a formación e profesionalidade*

Se realmente un/ha representante cre que o capital humano é o valor principal que ten esta Planta, debe defendelo e non fomentar a precariedade laboral.

Por elo, os candidatos e candidatas da **C.I.G.**, reiteramos o noso compromiso para con todos e todas aqueles compañeiros/as que decidan depositar a súa confianza na nosa candidatura. Mantendo a **coherencia**, seguiremos exercendo a defensa na mellora das condicións de traballo.

## Vota C.I.G.